

# Poemas de Leire Bilbao


Karlos CID ABASOLO  
Ricardo PICHEL GOTÉRREZ

## 1. LEIRE BILBAO: MERENDAS E LITERATURA

Leire Bilbao, nada nunha vila costeira biscaíña de gran tradición pesqueira (Ondarroa, 1978), é licenciada en Dereito Económico pola Universidade de Deusto. Mantén, pois, un curioso equilibrio entre o laboral (as finanzas) e o vocacional (a literatura oral e escrita en euskera). Desde moi nova demostrou grandes cualidades para o repentismo (denominado en euskera *bertsolaritza*), é dicir, a improvisación de versos seguindo unhas pautas métricas e temáticas, a miúdo estabelecidas por un *gai-jartzaile* (literalmente, ‘o que pon os temas’). De feito, resultou vencedora en diversos certames. Tras abandonar o “versolarismo activo”, na actualidade a súa relación con esta arte limitase á función de *gai-jartzaile*.

Leire vén colaborando con diferentes revistas literarias: *Karmel*, *Bolo Bolo*, *Linterna gorria*, etc. En 2006 publicou o poemario *Ezkatak* (‘Escamas’)<sup>1</sup>. A súa segunda obra poética chegou cinco anos despois, co título *Scanner*. Os poemas aquí traducidos ao galego pertencen ao dito poemario<sup>2</sup>, dividido en seis partes, cada unha das cales está dedicada a un tema: a familia, o corpo, a creación literaria, etc. Todos estes conflúen nun tema en común, que dá unidade ao texto: a identidade persoal. A propia autora, o 6 de outubro de 2011, durante a presentación do libro, nunha intervención pública, explicou a razón de ser do título:

Pensei que me viría moi ben tomar un obxecto corrente, frío e *a priori* non poético coma o escáner, para contar neste libro os elementos da vida cotiá. [...] Por outro lado, tamén pesou na miña elección do título a función que todo o mundo sabe que ten o escáner. Que fai un escáner? Captura unha imaxe, captura un texto, e gárdaos. E o que fan outros escáneres é mirar o interior de algo e poñer o que



ve á vista dos demais. E pensei: “E, cando escribimos, non facemos iso mesmo, ese traballo do escáner?”. É dicir, imos gardando imaxes, textos, ollamos o noso interior, o interior dos demais, o interior das cousas, e o que vemos ou cremos ver o poñemos á vista dos demais. E eu fixen o traballo dun escáner: a miúdo fixen un traballo de introspección, ollando cara a min mesma, ao meu corpo, e tamén ollei cara ao meu arredor<sup>3</sup>.

Os seus poemas foron recollidos en varias antoloxías, tales como *El poder del cuerpo. Antología de poesía femenina contemporánea*, (edición de Meri Torras, Castalia, 2009) e *Desira plazer* (‘O desexo é pracer’, 2009, antoloxía de poesía erótica vasca).

Algúns dos seus poemas foron tamén musica-

<sup>1</sup> Tradución ao castelán dispoñíbel en: <http://www.susa-literatura.com/cgi-bin/libruok.pl?lib=espa55>.

<sup>2</sup> Editado por Susa, 2011.

<sup>3</sup> Pódese ver esta declaración, en euskera, en: <http://www.youtube.com/watch?v=UcUqXZX1zH4>.

lizados e outros traducidos ao galego<sup>4</sup>, inglés, alemán, italiano, francés, catalán e castelán. Nos Premios da Música de 2008, Jabier Muguruza obtivo o premio á mellor canción en euskera con *Irene*, con letra de Leire Bilbao.

No ámbito da literatura infantil, a produción de Leire Bilbao foi moito maior ca en poesía: a día de hoxe ten publicados oito libros para nenos: *Amonak nobioa du, eta zer?* ('Miña avoa ten mozo, e que?', 2006); *Komunean galtzen naiz* ('Pérdome no cuarto de baño', 2007); *Markel Gelazikin* ('Markel Habitación-Sucia', 2008); *Martin, egon geldi* ('Martíño, acouga', 2009); *Garazi Gerezi* ('Garazi Cereixa', 2009); *Olagarro bat bainuontzian* ('Un polbo na bañeira', 2010); *Armai-*

*ru barruan ipuinak irakurtzen zituen neska* ('A rapaza que lía contos dentro dun armario', 2010); *Oihana hirian* ('A selva na cidade', 2011). Por outro lado, foi colaboradora en diferentes medios de comunicación, entre outros, na radio pública *Euskadi Irratia*, nos xornais *Deia* e *Berria*, etc.

A escritora de Ondarroa acostuma participar en recitais e demais actividades culturais. Por exemplo, en 2009 acudiu á UCM para ofrecer en *Euskalkonplu* (Encontros de lingua e cultura vascas na UCM) un recital poético xunto a Castillo Suárez. Como a propia Leire declara, esas actividades, para as cales ten que pedir días de vacacións, danlle "para unha merenda".

## 2. TRADUCIÓN AO GALEGO DA ESCOLMA POÉTICA<sup>5</sup>

### 1977ko URRIKO GAU BAT

Urriko gau batez aita eta ama euren logelan,  
oraindik ez nire ez beste inoren  
aita eta ama ez direnean.

Gizonak jertsea erantzi du:  
aulki gainean utziz burua kendu dioten hilotza.  
Andreak armairuan sartu ditu galtzak eta alkandora:  
pertzatit zintzilik beste emakume urkatu bat.

Bietako batek ere ez dio komodako ispiluari begiratu.  
Maindire artera sartu dira  
bakoitza bere ohe ertzetik:  
mugaren alde biak eta aduana.

Hezetasanak hartutako pareta zatia  
irudimenez margotzen ahalegindu da andrea.  
Hotzak ditu oinak. Kuzkurtu egin da  
gizonaren sabelpera, beroa da haren aho-lurrana.

Argiak itzalita izarak ez dira zuriak;  
gorputzak bai, garbiagoak dira.  
Andreak eguna du nahiago.  
Gizonak gaua.

Urriko gau hartan aita eta ama  
oraindik ez nire ez beste inoren  
aita eta ama ez direnean  
desiratza behartuta ezkon-ohean

### UNHA NOITE DE OUTUBRO DE 1977

Unha noite de outubro meu pai e miña nai na súa habitación  
cando aínda non son  
pais meus nin de ninguén.

O home quita o xersei  
e déixao na cadeira cal cadáver a quen lle quitaron a cabeza.  
A muller mete os seus pantalóns e a camisa no armario:  
unha aforcada máis, pendurada da percha.

Ningún dos dous se mira no espello da cómoda.  
Mergúllanse entre as sabas  
cada un desde un bordo da cama:  
os dous lados da fronteira e a alfándega.

A muller afánase en pintar con imaxinación  
o anaco de parede tomado pola humidade.  
Ten os pés fríos. Acurúxase  
no ventre do home, o seu alento é cálido.

Apagadas as luces, as sabas xa non son brancas;  
os corpos si parecen máis limpos.  
A muller prefire o día.  
O home, a noite.

Aquela noite de outubro meu pai e miña nai  
canda aínda non son  
pais meus nin de ninguén  
obrigados ao desexo no leito nupcial

<sup>4</sup> Hai dous poemas, traducidos por Iván Cuevas, en <http://www.susa-literatura.com/cgi-bin/liburuok.pl?lib=gale06>.

<sup>5</sup> Agradecemos as suxestións de Paulo Martínez Lema na preparación desta tradución.

nor bere bazterrean  
loak hartzeko zain.

**TERRA NOVA**

*Nire bizitzan oso goiz izan zen  
berandu*  
Marguerite Duras

*Berandu jaio zinen*  
esaten zidan amak.

Bi astez berandutu nintzen  
munduari beldurrez.  
Beste bi astez izan nintzen  
arrain gorri amaren urontzian.

*Hiru kilo seiehun,*  
argitu zion irrati-telefonoz aitari.

Ipurdiko bat eta  
negar egin nuen aitarentzat.

*Nire alaba!*  
*Nire alaba!*  
entzun zen brankan.  
*Ondo gabiltza arrantzan*  
*cambio y corto.*

Gau hartako marinelen edariak  
aitaren kontura izan ziren.  
Gau hartan aitak pozik egin zuen lo.

Sei hilabetera ezagutuko zuen  
amaren amuko arraina.

Bere besoetan hartu ninduen  
lehen aldiz igeri egin nuen itsasoan.

Badakit ez zela nire negarra  
gazitasun busti hura.

cada un no seu lado  
agardando a adormecer.

**TERRA NOVA**

*Na miña vida, moi pronto foi  
demasiado tarde*  
Marguerite Duras

*Tardaches en nacer,*  
diciame miña nai.

Atraseime dúas semanas  
por medo ao mundo.  
Durante outras dúas semanas fun  
un peixe encarnado no útero materno.

*Tres quilos seiscentos,*  
aclaroulle por radio-teléfono a meu pai.

Un azoute no cu e  
chorei para papá.

*Miña filla!*  
*Miña filla!,*  
oíuse na proa.  
*A pesca vainos bastante ben.*  
*Cambio y corto.*

Aquela noite, os grolos dos mariñeiros  
correron por conta de meu pai.  
Aquela noite meu pai durmiu feliz.

Non coñecería até seis meses despois  
o peixe que penduraba do anzol da miña nai.

Cando me colleu nos seus brazos  
nadei por vez primeira no mar.

Agora sei que toda aquela salinidade  
non era só o meu pranto.

## KALEKO ZAKURRA

nirea bezain inorena naiz  
bere itzala jaten saiatzen den  
zakurrari bezala gertatzen zait  
urduri jartzen naute maitasun abestiek  
badiotsut: irrati dialen zapping-ean  
entrenatuta daude nire atzamarrak  
orrazi izateari uzten diotenean

berez beleak ditut ilean  
batzuetan eskutan hartzen ditut  
hegan joaten ez direnean  
gertura zakurraren itzala bezala  
horregatik galdu nuen aspaldi  
galtzearen sentrazioa

mesedez konta iezazkidazu  
ahaztu ditzakedan gauzak  
poltsa zulatuetatik ihes egiten dutenak  
aspaldian pertxak sobratzen zaizkit armairuan  
inork ez dit ezkaratzetik  
bainugelara dei egiten  
aulki hutsez inguratua nago

nirea bezain inorena naiz  
kaleko zakurren gisa  
itxurak egiten jarrai dezaket  
neure buruarekin orain bezala  
ohearen beste aldean jarriko naiz adibidez  
alde batera begiratzen dudanean  
ni baino falta ez nadin

## BELARRA

belarra atera zaio etxeko sofari  
egarri naizenean ihintza edaten dut  
zerua desertu urdin bat da nire gainean  
eta ez dut leiho beharrik  
portuak lehortzen doazela ikusteko

farolez eginiko mendi bat daukat aurrean  
asfaltoa dut oinetako  
olatu beltz estatiko bihurgunez justifikatua

espaloietako losen azpian  
aspaldian ez dut izaki bizidunik aurkitzen

gero eta putzu gutxiago daude gure herrian  
denbora da ez ditudala oinak uretan busti

## CAN SEN DONO

son tan miña como de ninguén  
sucédeme o mesmo que ao can  
que intenta comer a súa sombra  
póñenme nerviosa as cancións de amor  
dígoche: os meus dedos están adestrados  
no *zapping* dos diales da radio  
cando deixan de ser peites.

teño corvos de meu aniñados no meu cabelo  
ás veces termo deles coa man  
sempre que non volven preto  
coma a sombra do can  
de feito hai tempo que perdín  
a sensación de perda

por favor cóntame  
cousas que poida esquecer  
que fuxan de bolsas afuracadas  
desde hai tempo sóbranme perchas no armario  
ninguén me chama  
desde a cociña ao baño  
rodeada estou de cadeiras baleiras

son tan miña como de ninguén  
igual ca os cans de palleiro  
podo seguir aparentando ante min mesma  
igual que agora  
por exemplo poreime ao outro lado da cama  
para ser eu a única que falte  
cando dea a volta e mire ao outro lado

## HERBA

sáíulle herba ao sofá da casa  
cando teño sede bebo orballo  
o ceo é dun deserto azul enriba de min  
e non preciso xanelas  
para ver que os portos van secando

teño diante unha montaña feita de farois  
o asfalto por zapato  
estática onda negra xustificada polas curvas

hai tempo que debaixo das lousas das beirarrúas  
non acho ningún ser vivo

cada vez hai menos pozas no noso pobo  
hai tempo que non mollo os pés

belarra atera zaio etxeko sofari  
haren gainean luze botata egoteagatik  
bueltak ematen ditut nire inguruan  
fetuak umetokian bezala neure buruari

zorionekoak  
zein mundutan bizi garen zehazki ez dakigunok

### AUTO-ZENTSURA

*Emakume idazle baten lehen eginbe-  
harra, etxeko aingerua hiltzea da*  
Virginia Woolf

Nire gela propioa izan nahi dut, Woolf  
Otso izan nahi dut, Woolf  
nekeza da neska otzana izatea  
letaginak eta azazkalak limatzen ditut goizero  
behatzoskolak gorritz pintatzen  
ez dut ulu gehiago irentsi nahi, Woolf  
balkoietatik sartu nahi dut gauetan  
eta nirea ez den odolez ase  
eskuaren ganbilaz muturrak garbitu  
ilean belar zatiak izan  
Aspertu naiz nire larrua jotzeaz, Woolf  
listu eta izerdi berberaz  
esku ahurrak estutzen ditut  
baina ezin dut aingerurik hil, Woolf  
ezin ez denik hil  
Behin ibaian itotzeko zorian utzi nuen  
[otsokumeari  
ahoz aho arnasa eman nahi diot, Woolf  
beranduegi izan aurretik.

### LABADORA

Zu hil zinen egunean labadora bat erosi nuen.  
Atexka zabaltzean  
oinak busti zitzaizkidan,  
ezustean harrapatu ninduen urak.  
Erreka urdinak ditut bularrean, badakizu,  
itsasoak gainezka egiten dit ahotik.  
Labadoraren eskotillatik itsasoari begira izan zen,  
bat-batean xaboi eta trapu artean  
olatuak eraman zintuela jakin nuen,  
garbigailu barrura atzamarrak sartu  
eta zure bila aritu nintzen alferrik.  
Ahotik egin nuen negar  
belarrietatik zilborretik

sáíulle herba ao sofá da casa  
de tanto estar tirada nel  
dou voltas ao meu redor  
coma o feto no útero

ditosos  
os que non sabemos exactamente en que mundo vivimos

### AUTOCENSURA

*A primeira tarefa dunha escritora é  
matar o anxo de casa*  
Virginia Woolf

Quero ter a miña propia habitación, Woolf,  
quero ser Lobo, Woolf,  
é difícil ser unha rapaza dócil  
cada día limo unllas e cabeiros  
pinto de vermello as gadoupas  
non quero calar máis ouveos, Woolf,  
quero entrar polas noites polos balcóns  
e saciarme de sangue alleo  
limpar o fociño co dorso da man  
ser anacos de herba no cabelo.  
Cansei de me aloumiñar, Woolf,  
da mesma suor da mesma baba  
aperto as palmas das mans  
mais non podo matar anxos, Woolf,  
non se pode matar o que non se é  
Ao lobeto que un bo día deixei a piques  
[de afogar no río  
quero facerlle o boca a boca, Woolf,  
antes de que sexa tarde de máis.

### LAVADORA

O día que ti morriches comprei unha lavadora.  
Ao abrir a porta  
mollei os pés,  
a auga pilloume de improviso.  
Teño ríos azuis no peito, ben o sabes,  
o mar desbórdase na miña boca.  
Ollando o mar desde o zapón da lavadora,  
souben de súpeto que a onda te arrastrara  
entre xabón e farrapos,  
metín os dedos na lavadora  
e andei á túa procura, en balde.  
Bagoei pola boca  
polas orellas polo embigo

eskuetatik azaletik,  
eta orain hildako ibaiak ditut zainetan,  
eta labadora berri bat.

polas mans pola pel  
e agora teño nas miñas veas ríos mortos  
e unha lavadora nova.

## HONDEAMAKINAK

eraikuntza hotsa leiho itxietatik nire  
[logelara sartzen  
hondeamakinak lanean ari dira  
zuhaikez belarrez biluztu dute mendi hegala  
harria bistaratu nahi dute lehendabizi lur gorria atera

langile azazkal beltzak eta izerdia  
zure eskuarekin batera nire azalean  
etxebizitzak eraikiko dituztela dio iragarki panelak  
mendia besterik ez zegoen tokian  
familia osoak sartuko dira zementuzko eraikinean  
ondo zulatu behar da lurra dio obrako arduradunak  
zulatu  
egonkortu  
zulatu  
leihotik begira gu biok  
langileen amen eskuak dirudite garabiek  
bere seme-alaben sehaskak kulunkatzen  
lur gorri arrea agerian  
zementua botatzen hasiko dira laster  
musukatu egiten nauzu  
teilatu baten beharra omen du jende guztiak  
laurogeita hamar metro karratu solairuko  
planoen arabera  
lur puska bati bizia ematen omen diote  
horixe da eskaintza  
horixe entzuten dut  
zure hondeamakinak  
nire haragia zulatzen duenean

## ESCAVADORAS

ruídos procedentes dunha obra tras as xanelas pechadas  
[da miña habitación

as escavadoras feren o terreo  
despoxaron de vexetación a ladeira  
traballan con afán para descubrir a rocha  
[terra arroibada que se amorea a cada pada  
as negras unllas dos obreiros a súa suor  
sobre as túas mans percorrendo a miña pel  
un gran cartel a anunciar vivendas de nova construción  
onde até agora non había máis ca un noiro  
bloques de cemento que acollerán familias enteiras  
é preciso perforar fondo óselle ao capataz  
perforar  
apuntalar  
perforar  
os dous observamos a escena desde a xanela  
os guindastres semellan as mans das nais dos obreiros  
arrolando os seus fillos  
a arroibada terra núa á intemperie  
verterán o cemento axiña  
béixasme  
toda a xente precisa un teito  
noventa metros cadrados  
sobre plano  
un pouco de vida para facer habitábel un espazo  
velaí a oferta  
velaí as palabras que escoito  
mentres a túa escavadora  
perfora as miñas entrañas